

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN ESCOLAR



PLAN DE AUTOPROTECCIÓN ESCOLAR IES AUGA DA LAXE

IDENTIFICACIÓN

IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

Nome empresa IES Auga da Laxe
C.C.C. 36019220
Enderezo Avda. Campo da Feira s/n
Código Postal 36380
Localidade / Provincia Gondomar / Pontevedra

PERSOAL DA EMPRESA QUE COLABORA NO INFORME

-NomeMarga Cachaza Valeiro
-CargoDirectora

-NomeConcha Costas Fernández
-Cargo Profesora

-NomeAlberto Cifuentes Torres
-Cargo Profesor

-NomeCristina Abalde Martínez
-CargoProfesora

-NomeJosé Ramón Miguélez Fernández
-CargoSubalterno

-NomeJosé Antonio Martínez Cartelle
-CargoMembro da ANPA

Debemos agradecer a colaboración prestada polo alumnado do IES, con especial mención aos alumnos de 3º ESO (diversificación) do curso 2004-05

Data 19-12-2005

ÍNDICE

IDENTIFICACIÓN.....	2
IDENTIFICACIÓN DO CENTRO.....	2
PERSOAL DA EMPRESA QUE COLABORA NO INFORME.....	2
ÍNDICE.....	3
1. Introducción.....	4
2. Criterios de referencia.....	4
3. Plan de actuación en caso de emerxencias.....	4
1.1. DESCRIPCIÓN DO CENTRO ESCOLAR.....	6
1.1.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA.....	6
1.1.2. ACCESIBILIDADE.....	6
1.1.3. DISTRIBUCIÓN DO CENTRO ESCOLAR.....	7
1.1.4. OCUPACIÓN.....	9
1.1.5. EVACUACIÓN.....	9
1.1.6. INSTALACIÓNS DE ESPECIAL PERIGOSIDADE.....	12
1.2. AVALIACIÓN DO RISCO.....	13
1.3. PLANOS DO EDIFICIO POR PLANTAS.....	13
2.1. MEDIOS TÉCNICOS.....	14
2.1.1. MEDIOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS.....	14
2.1.2. MEDIOS DE DETECCIÓN E ALARMA DE INCENDIOS.....	17
2.1.3. EQUIPOS E MATERIAL DE PRIMEIROS AUXILIOS.....	17
2.1.4. CHAVEIRO DE EMERXENCIA.....	17
2.2. DIRECTORIO DE MEDIOS EXTERNOS.....	17
2.3. MEDIOS HUMANOS.....	18
2.3.1. COMISIÓN DE AUTOPROTECCIÓN ESCOLAR.....	18
2.3.2. PERSOAL DESIGNADO.....	18
2.3.3. FUNCIÓNS.....	21
3.1. ACTUACIÓN EN CASO DE INCENDIO.....	23
3.2. ACTUACIÓN NO CASO DE AMEAZA DE BOMBA.....	26
3.3. ACTUACIÓN EN CASO DE ACCIDENTE ESCOLAR.....	28
3.4. NORMAS XERAIS DE EVACUACIÓN.....	29
3.5. COMUNICACIÓNS.....	30
3.5.1. AVISO AO XEFE DE EMERXENCIA (X.E.).....	30
3.5.2. AVISO AO EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN E EVACUACIÓN (E.P.I.) E (E.A.E.).....	30
3.5.3. AVISO AOS SERVIZOS EXTERNOS DE INTERVENCIÓN.....	30
3.5.4. AVISO DE EVACUACIÓN DAS INSTALACIÓNS.....	30
3.6. INSTRUCIÓNS E CONSIGNAS.....	31
3.6.1. INSTRUCIÓNS AO PROFESORADO.....	31
3.6.2. INSTRUCIÓNS AOS ALUMNOS.....	31
3.6.3. INSTRUCIÓNS AO PERSOAL DAS INSTALACIÓNS.....	32
4.1. RESPONSABILIDADE.....	34
4.2. PROGRAMA DE IMPLANTACIÓN.....	34
4.3. PROGRAMA DE FORMACIÓN E INFORMACIÓN.....	35
4.4. SIMULACROS.....	36
4.5. MANTEMENTO DE MEDIOS MATERIAIS.....	36
4.6. INVESTIGACIÓN DE SINISTROS.....	38
4.7. ACTUALIZACIÓN DAS MEDIDAS DE EMERXENCIA.....	38
CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN EN CASO DE INCENDIO.....	40
CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN EN CASO DE AMEAZA DE BOMBA.....	41
EMERXENCIA ACCIDENTE ESCOLAR.....	41
EMERXENCIA ACCIDENTE ESCOLAR.....	42
FICHA PARA ENCHER EN CASO DE RECIBIR UNHA AMEAZA TELEFÓNICA DE BOMBA.....	42
FICHA PARA ENCHER EN CASO DE RECIBIR UNHA AMEAZA TELEFÓNICA DE BOMBA.....	43
1.- CONSIDERACIÓNS XERAIS.....	45
2.- CARÁCTER DA EXPERIENCIA.....	45
3.- INSTRUCIÓNS ORIENTATIVAS.....	46
4.- INSTRUCIÓNS ORIENTATIVAS PARA OS ALUMNOS.....	48
5.- INFORME SOBRE O RESULTADO DO SIMULACRO DE EVACUACIÓN DE EMERXENCIA.....	49

1. Introducción

O presente informe refírese ás instalacións do IES Auga da Laxe, Centro de Ensino Secundario que se atopa no concello de Gondomar.

Desenvólvense a continuación as pautas de actuación no caso de emerxencia, co obxecto de cumprir co artigo 20, "Medidas de emerxencia", da Lei 31/95 de Prevención de Riscos Laborais.

A Lei 2/1985, do 21 de xaneiro de 1985, sobre Protección Civil, indica que "será responsabilidade do titular da actividade a implantación do Plan de Autoprotección (...) igualmente o persoal directivo, técnico, mandos intermedios e traballadores dos establecementos terán a obriga de participar nos plans de autoprotección".

Do mesmo xeito, a Orde do 4 de novembro de 1985 establece a obrigatoriedade para todos os centros docentes non universitarios de dispoñer do seu propio Plan de Autoprotección.

Preténdese, entre outras cousas, programar as pautas de actuación fronte a posibles emerxencias, determinar a organización de persoas que han de actuar en caso de emerxencia (formadas e adestradas, para que garantan rapidez e eficacia nas accións que se han de emprender), ofrecer información a todos os usuarios das instalacións sobre como deben actuar ante unha emerxencia e organizar as relacións que sexan necesarias para a coordinación cos servizos externos.

2. Criterios de referencia

Para a realización do informe, ademais de normas de recoñecido prestixio, utilizáronse como criterios de referencia os principios xerais recollidos en:

Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, de 8 de novembro.

Guía Práctica para a elaboración do Plan de Autoprotección Escolar da Xunta de Galicia.

R.D. 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos centros de traballo.

NBE-CPI/96: Condicións de protección contra incendios dos edificios.

R.D. 1492/1993, polo que se aproba o regulamento de instalacións de protección contra incendios.

Orde do 29 de novembro de 1984, do Ministerio do Interior. Protección Civil. Manual de Autoprotección. Guía para desenvolvemento do Plan de emerxencias contra incendios e evacuación de locais e edificios.

R.D. 786/2001, do 6 de xullo, polo que se aproba o regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais.

3. Plan de actuación en caso de emerxencias

Co fin de facilitar o manexo do informe procedemos a estruturalo en documentos, conforme a seguinte relación:

- Documento nº 1. Análise de riscos.
- Documento nº 2. Medios de protección.
- Documento nº 3. Procedementos de actuación.
- Documento nº 4. Implantación.



DOCUMENTO Nº 1 - ANÁLISE DE RISCOS

1.1. DESCRICIÓN DO CENTRO ESCOLAR

1.1.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O IES Auga da Laxe está situado no lugar denominado Campo da Feira, s/n, no municipio de Gondomar. A parcela na que se encontra ten unha superficie aproximada de 8.890 m² e un perímetro de 377 m.

Dispón de acceso rodado e peonil desde a explanada do Pavillón Municipal de Deportes de Gondomar e, de aí, á estrada de Vilaza (cara sur), a través dun portalón que permite o paso de vehículos e persoas ao interior do Centro (aparcadoiro e pista deportiva). Tamén se pode acceder a pé por dúas portas normais. A primeira delas anexa ao portalón antes indicado e a segunda na mesma cara do recinto escolar e que dá paso a unha calella de servizo do anteriormente citado Pavillón Municipal.

Indicamos que ao Oeste o Instituto linda con outro centro escolar, o IES Terra de Turonio, mentres que pola súa cara leste linda cun camiño local e polo norte con terreos de cultivo. Estes lindes son pechados e sen posible saída ao exterior. (Ver plano anexo)

1.1.2. ACCESIBILIDADE

Segundo o especificado no Proxecto de Adecuación do Centro Escolar á LOCE (R.D. 1004/1991) e accesibilidade e eliminación de barreiras (R.D.286/1992):

O Centro docente consta de 3 edificios: o edificio principal, o ximnasio e a casa do conserxe.

A parcela ten unha fronte á rúa e conta cos servizos urbanísticos de acceso rodado, tendido de enerxía eléctrica, abastecemento e saneamento a través da rede xeral.

Existe un patio central ao aire libre de aproximadamente 1.015 m² para a práctica de deportes e xogos.

Desde o punto de vista do seu acceso ao exterior (edificios - patio central - rúa), a comunicación efectúase a través de escaleiras e rampas de pequeno desnivel. Ademais, o edificio principal conta cun elevador que comunica entre si as súas diferentes plantas.

No Centro escolar impártense ensinanzas de Ensino Secundario Obrigatorio (ESO) e Bacharelato, e Programa de Garantía Social (PGS).

1.1.3. DISTRIBUCIÓN DO CENTRO ESCOLAR

O edificio principal consta de 3 plantas. A todos os efectos, imos denominar as tres plantas existentes como planta baixa, planta primeira e planta segunda.

A superficie total útil do edificio é de 3.595 m².

Edificio principal:

Planta Baixa: a superficie total útil desta planta é de 1.275 m².

Sup.construída: 1.275 m²

Sup. aberta:m²

Total:..... m²

- *Aula de Tecnoloxía.*
- *Aula tubo.*
- *Vestiaro do persoal de limpeza*
- *Sala da caldeira*
- *Cuarto de mantemento*
- *Aseos de alumnos e alumnas*
- *Cuarto de limpeza*
- *Salón de Actos*
- *Vestiaros*
- *Cafetería.*
- *Almacén de cafetería.*
- *Conserxería (Centro de Control)*
- *Cuarto de maquinaria do elevador*
- *Aseos para profesorado*
- *Despachos de Dirección*
- *Secretaría*
- *Sala de Profesores/as.*
- *Patio central*

Planta Primeira: A superficie total útil desta planta é de 1.180 m².

Sup.construída: 1.180 m²

Sup. aberta: m²

Total:m².

- *Aula de Secundaria Nº 4 (1º ESO A)*
- *Aula de Secundaria Nº 5 (1º ESO B)*
- *Aula de Secundaria Nº 8 (1º ESO C)*
- *Aula de Secundaria Nº 2 (2º ESO A)*
- *Aula de Secundaria Nº 3 (2º ESO B)*

- Aula de Secundaria Nº 7 (4º ESO A)
- Aula de Secundaria Nº 0 (Diversificación Curricular)
- Aula de Secundaria Nº 6 (4º ESO B)
- Aula de Plástica
- Laboratorio de fotografía
- Laboratorio Nº 1 (Biología)
- Laboratorio Nº 2 (Xeoloxía)
- Biblioteca
- Aseos de alumnos e alumnas
- Aseos para profesorado
- Departamento de Orientación

Planta Segunda: A superficie total útil desta planta é de 1.140 m².

Sup.construída:1.140 m²

Sup.aberta: m²

Total:...m²

- Aula de Secundaria Nº 10 (3º ESO A)
- Aula de Secundaria Nº 11 (3º ESO B)
- Aula de Secundaria Nº 15 (Diversificación Curricular)
- Aula de Bacharelato Nº 12 (1º Bacharelato A)
- Aula de Bacharelato Nº 13 (1º Bacharelato B)
- Aula de Bacharelato Nº 9 (1º Bacharelato C)
- Aula de Bacharelato Nº 14 (2º Bacharelato A)
- Aula de Bacharelato Nº 16 (2º Bacharelato B)
- Aula de Informática
- Laboratorio Nº 3 (Química)
- Laboratorio Nº 4 (Física)
- Seminario de Inglés
- Seminario de Filosofía, Lingua Española e Economía
- Seminario de Xeografía-Historia e Relixión
- Seminario de Latín-Grego, Francés e Lingua galega
- Aseos para profesorado
- Aseos de alumnos e alumnas

Ximnasio:

Sup.construída: 305 m².

Casa do Conserxe (provisionalmente aula de música):

Sup.construída: m².

Sup aberta:m².

Total:..... m².

1.1.4. OCUPACIÓN

A ocupación media dos últimos cinco anos é de 350 alumnos e alumnas, que se distribúen da seguinte maneira:

- 30 alumnos e alumnas en cada aula de ESO
- 30 alumnos e alumnas en cada aula de Bacharelato
- 15 alumnos e alumnas no grupo de Garantía Social

Durante a xornada escolar, o alumnado poderá atoparse en calquera dos seguintes espazos:

- Laboratorio de fotografía, Plástica, Música, Tecnoloxía, Informática, Biblioteca, Salón de Actos, Ximnasio, Patio interior, Laboratorio de Bioloxía, Laboratorio de Xeoloxía, Laboratorio de Química, Laboratorio de Física; Seminarios de: Francés-Latín-Lingua Galega, Xeografía-Historia-Relixión, Filosofía-Lingua Española -Economía, Inglés, Aulas de Diversificación e Departamento de Orientación.
- 9 aulas de ESO.
- 5 aulas de Bacharelato.

1.1.5. EVACUACIÓN

Segundo o especificado no Proxecto de Adecuación do Centro Escolar á LOCE:

As lonxitudes dos percorridos de evacuación a saída son inferiores a 45 metros.

A altura máxima de evacuación en sentido descendente é de 7,2 metros no caso máis desfavorable.

A anchura libre de portas en saídas de evacuación é superior a 0,80 metros ou consta de portas de dúas follas de 0,7 metros cada unha. Todas as portas son de tipo abatible con eixo de xiro vertical e facilmente operables.

Dispónse dun ancho mínimo de corredores de 2,1 metros e non hai chanzos nos corredores de evacuación.

Os tramos de escaleiras interiores de comunicación entre plantas teñen máis de tres chanzos e menos de catorce no caso máis desfavorable; a altura que se debe salvar en cada tramo non é superior a 2,20m.

As rampas exteriores para minusválidos teñen unha pendente do 4% ao 8% no caso máis desfavorable.

O Centro dispón de cinco sectores de incendio:

- Sector I: Totalidade dos edificios
- Sector II: Cuarto de caldeiras
- Sector III: Vestíbulo de independencia (acceso ao cuarto de caldeiras)
- Sector IV: Cheminea de fumes e gases
- Sector V: Cuarto de mantemento

Ante unha situación de emerxencia a evacuación do Centro ha de realizarse directamente ao exterior das edificacións, cara á pista deportiva, por considerarse esta zona un espazo aberto, con capacidade para acoller a todo o alumnado e posibilitar o seu reconto e posterior desaloxo cara a zonas seguras fóra do recinto escolar ou recollida do alumnado por parte dos pais ou titores.

A evacuación do Centro ha de realizarse segundo o indicado nos planos de evacuación que se achegan. Resumímola a continuación:

Evacuación da Planta Baixa:

Distinguímos dúas situacións: ocupación normal e grande ocupación.

Ocupación normal:

En caso de ocupación normal a evacuación ha de realizarse da seguinte maneira:

- As persoas que se atopen na Sala de Profesores, Secretaría e despachos de Dirección sairán directamente ao exterior pola porta de dobre folla marcada no plano anexo co nº 4.
- Os alumnos da Aula de Tecnoloxía farano polo patio interior e sairán pola porta exterior de dobre folla marcada no plano co nº 3.

→ Os alumnos que se atopen facendo uso dos vestiarios sairán polo corredor cara á porta exterior máis próxima, que é a sinalada no plano co nº 5.

→ As persoas que se atopen na Cafetería ou na Conserxería sairán a través do patio interior pola porta de dobre folla marcada no plano anexo co nº 1. Con todo, é importante sinalar a existencia dunha porta de servizo que comunica o almacén da cafetería co exterior.

→ Os alumnos que se atopen facendo uso do ximnasio e das dependencias da casa do conserxe sairán directamente ao exterior e, de aí, ao punto de encontro.

Grande ocupación:

→ En caso de grandes ocupacións na planta (festas, reunións, teatro, etc.), cando acceden, ademais dos propios alumnos, persoas alleas ao Centro (pais, familiares, amigos, etc.), abriranse as catro portas interiores de dobre folla que son vía de paso previo cara ao exterior.

→ A saída cara ao punto de encontro no exterior, tanto do Salón de Actos como do patio interior, ha de realizarse por calquera das catro portas de dobre folla sinaladas no plano anexo cos nºs 1, 2, 3, e 4.

→ Cómpre destacar que desde o Salón de Actos accédese ao patio interior a través de dúas portas amplas de libro. Ademais podemos sinalar tamén que nesta mesma dependencia hai unha porta que comunica co corredor de vestiarios e, de aí, ao exterior a través doutra, neste caso antipánico e de dobre folla, marcada no plano anexo co nº 5.

→ En ningún caso se usará o ascensor.

Evacuación da Primeira Planta :

Os alumnos que se atopen nas aulas da 1ª planta descenderán pola escaleira nº 1 ou pola nº 2 en función da proximidade e orientación da porta de saída da aula (porta dianteira).

Escaleira nº 1: Laboratorio 1, Aula 8, Departamento de Orientación, Aula 9, Aula 7, Aula 6 e Aula de Plástica.

Escaleira nº 2: Aula 3, Aula 2, Laboratorio 2, Biblioteca, Aula 4 e Aula 5.

Evacuación da Segunda Planta :

Os alumnos que se atopen nas aulas da 2ª planta descenderán pola escaleira nº 1 ou pola nº 2 en función da proximidade e orientación da porta de saída da aula (porta dianteira).

Escaleira nº 1: Laboratorio 3, Aula 9, Aula 16, Seminario de Filosofía-Lingua Española-Economía, Seminario de Historia-Xeografía-Relixión, Aula 15, Aula de Informática e Seminario de Latín-Francés-Lingua Galega.

Escaleira nº 2: Aula 11, Aula 10, Laboratorio 4, Seminario de Inglés, Aula 12, Aula 13 e Aula 14.

En ningún caso usarase o ascensor.

Fluxos de evacuación:

Os delegados de alumnos axudaránlles ao seu profesor e compañeiros na evacuación da súa aula. Colocaranse no corredor, fronte á porta de saída da aula (porta dianteira), indicando a dirección de saída.

Encoméndanselles funcións específicas a dous delegados de curso (en cada planta), aqueles máis próximos ás escaleiras de evacuación. Situaranse ao lado da baixada da escaleira dirixindo o fluxo de evacuación correspondente.

Tralo sinal de evacuación, en primeiro lugar han de desaloxarse os ocupantes da planta baixa, a continuación serán os da 1ª planta e despois os da 2ª, sempre en fileira e pegados á parede.

Os alumnos que baixen ao patio interior pola escaleira nº 1 sairán ao exterior pola porta de dobre folia marcada no plano anexo co nº 3.

Os alumnos que baixen ao patio interior pola escaleira nº 2 sairán ao exterior pola porta de dobre folia marcada no plano anexo co nº 2.

Punto de encontro:

Todos os ocupantes do Centro escolar han de dirixirse á pista deportiva do IES, o máis lonxe posible das edificacións, onde cada profesor se encargará do reconto dos alumnos do seu grupo e os Equipos de Alarma e Evacuación realizarán o reconto de persoal de cada planta.

1.1.6. INSTALACIÓNS DE ESPECIAL PERIGOSIDADE.

Na planta baixa atópase a sala de caldeiras. (**Risco Medio**)

- | | |
|--|---|
| • Cuarto de caldeiras
(Resistencia a Lume-RL en minutos) | As paredes e teitos.....RL-180
Portas.....RL- 60 |
| • Vestíbulo de independencia
(Resistencia a Lume-RL en minutos) | As paredes e teitos.....RL-60
Portas.....RL-30 |

1.2. AVALIACIÓN DO RISCO


O Centro pódese clasificar como de baixo nivel de risco tendo en conta os seguintes factores:

- A altura do Centro é inferior a 15,5 metros.
- Ten menos de 1.000 alumnos.
- O contorno xeográfico é de baixo risco.
- Dispón de cinco portas ao exterior.

1.3. PLANOS DO EDIFICIO POR PLANTAS

Achéganse como anexo os planos do edificio por plantas e neles sinálanse:

- Vías de evacuación.
- Saídas de emerxencia.
- Situación dos medios de loita contra incendios (extintores, BIE's)
- Situación do sistema de alerta e alarma.



DOCUMENTO Nº 2 - MEDIOS DE PROTECCIÓN

2.1. MEDIOS TÉCNICOS

2.1.1. MEDIOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS

MEDIOS DE EXTINCIÓN	Nº	Nº FABRICACIÓN	ZONA DE LOCALIZACIÓN	TIMBRES				DATOS
EXTINTORES PORTÁTILES (Todos os extintores se revisan en novembro de cada ano)	001	0689089	PLANTA BAIXA Vestíbulo de Dirección	X	X	X	X	PO 3 KG
	002	6564301	PLANTA BAIXA Secretaría	X	X			PO 6 KG
	003	0430668	PLANTA BAIXA Patio interior, fronte Secretaría	X	X	X	X	PO 6 KG
	004	5628584	PLANTA BAIXA Sala de Profesores	X	X			PO 6 KG
	005	7780934	PLANTA BAIXA A. Tecnoloxía	X				PO 6 KG
	006	7780938	PLANTA BAIXA A. Tecnoloxía, xunto encerado	X				PO 6 KG
	007	0479265	PLANTA BAIXA Patio interior, cuarto limpadoras	X	X	X	X	PO 6 KG
	008	0441086	PLANTA BAIXA Cuarto de Caldeiras	X	X	X	X	PO 12 KG
	009	89275	PLANTA BAIXA Almacén de mantemento	X				PO 1 KG
	010	8229205	PLANTA BAIXA Salón de Actos entrando á esquerda	X				PO 3 KG
	011	6491588	PLANTA BAIXA Corredor vestiarios	X	X	X	X	PO 3 KG
	012	0430796	PLANTA BAIXA Patio interior fronte ao Salón de Actos	X	X	X	X	PO 6 KG
013	0689084	PLANTA BAIXA Cociña da Cafetería	X	X	X	X	PO 6 KG	
014	0479292	PLANTA BAIXA Comedor da Cafetería	X	X	X	X	PO 6 KG	

MEDIOS DE EXTINCIÓN	Nº	Nº FABRICACIÓN	ZONA DE LOCALIZACIÓN	TIMBRES				DATOS
(Todos os extintores se revisan en novembro de cada ano)	015	589267	PLANTA BAIXA Conserxería	X				PO 1 KG
	016	047016	PLANTA BAIXA Patio interior, vestíbulo principal	X	X	X	X	PO 6 KG
	017	27924	PLANTA BAIXA Cuarto de elevadores	X				CO2
	018	6564328	CASA DO CONSERXE Recibidor	X	X			PO 3 KG
	019	9094007	XIMNASIO	X	X	X		PO KG
	101	89265	PLANTA PRIMEIRA Entrada Laboratorio nº 1	X				PO 1 KG
	102	89268	PLANTA PRIMEIRA Final Laboratorio nº 1	X				PO 1 KG
	103	0491556	PLANTA PRIMEIRA Corredor Biblioteca	X	X	X	X	PO 3 KG
	104	0512520	PLANTA PRIMEIRA Biblioteca	X	X	X		PO 3 KG
	105	89261	PLANTA PRIMEIRA Entrada Laboratorio nº 2	X				PO 1 KG
	106	67630	PLANTA PRIMEIRA Final Laboratorio nº 2	X				PO 1 KG
	107	0512570	PLANTA PRIMEIRA Corredor Aulas de 2º ESO	X	X	X	X	PO 3 KG
	108	0491582	PLANTA PRIMEIRA Subida escaleiras nº 2	X	X	X	X	PO 3 KG
	109	0572522	PLANTA PRIMEIRA Corredor, fronte Aula de Plástica	X	X	X	X	PO 3 KG
	110	0512658	PLANTA PRIMEIRA Corredor, fronte Aula de Diversificación	X	X	X	X	PO 3 KG
	201	0512602	PLANTA SEGUNDA Subida escaleiras nº 1	X	X	X	X	PO 3 KG
	202	89263	PLANTA SEGUNDA Entrada laboratorio nº 3	X				PO 1 KG
	203	89274	PLANTA SEGUNDA Final do laboratorio nº 3	X				PO 1 KG

MEDIOS DE EXTINCIÓN	Nº	Nº FABRICACIÓN	ZONA DE LOCALIZACIÓN	TIMBRES				DATOS
	204	0491514	PLANTA SEGUNDA Corredor, fronte ao baño de alumnas	X	X	X		PO 3 KG
	205	89270	PLANTA SEGUNDA Laboratorio nº 4, entrada aula	X				PO 1 KG
	206	67637	PLANTA SEGUNDA Laboratorio nº 4, final da aula	X				PO 1 KG
	207	666647	PLANTA SEGUNDA Corredor Aulas de 3º ESO	X	X	X		PO 3 KG
	208	051553	PLANTA SEGUNDA Corredor fronte ao Seminario de Latín/Galego/Francés	X	X	X		PO 3 KG
	209	832747	PLANTA SEGUNDA Entrada Aula de Informática					CO2
	210		PLANTA SEGUNDA Entrada Aula 15					CO2
	211	66630	PLANTA SEGUNDA Corredor fronte seminario de Filosofía/Lingua/Economía	X	X	X		PO 3 KG
BOCAS DE INCENDIO (BIES)	001		PLANTA BAIXA Patio interior, fronte á secretaria					
	002		PLANTA BAIXA Patio interior, fronte ao cuarto de caldeiras					
	101		PLANTA PRIMEIRA Corredor Biblioteca					
	102		PLANTA PRIMEIRA Corredor fronte aulas de 2º ESO					
	103		PLANTA PRIMEIRA Corredor fronte Aula de diversificación					
	201		PLANTA SEGUNDA Corredor fronte baño alumnas					
	202		PLANTA SEGUNDA Corredor fronte aulas de 3º ESO					
	203		PLANTA SEGUNDA Corredor fronte Seminario Filosofía/Lingua/Economía					

2.1.2. MEDIOS DE DETECCIÓN E ALARMA DE INCENDIOS:

DETECCIÓN E ALARMA	Nº	ZONA DE LOCALIZACIÓN	OBSERVACIÓNS
DETECTORES	2	PLANTA BAIXA	SI DISPÓN
	2	PLANTA PRIMEIRA	SI DISPÓN
	2	PLANTA SEGUNDA	SI DISPÓN
CENTRAL DE ALARMA		PLANTA BAIXA Conserxería	SI DISPÓN
PULSADORES	4	PLANTA BAIXA	SI DISPÓN
	4	PLANTA PRIMEIRA	SI DISPÓN
	3	PLANTA SEGUNDA	SI DISPÓN
SISTEMA DE TELEFONÍA	TELÉFONO FIXO: EN PLANTA BAIXA TELÉFONO MÓBIL- VARIOS		
ALARMA SONORA	Sirena		
MEGÁFONO PORTÁTIL	NON SE DISPÓN DE MEGÁFONO PORTÁTIL *		

* Estase a estudar a posibilidade de dispoñer de megáfono portátil

2.1.3. EQUIPOS E MATERIAL DE PRIMEIROS AUXILIOS






Dispónse dun botiquín de primeiros auxilios na Conserxería do Centro.

2.1.4. CHAVEIRO DE EMERXENCIA

Na Conserxería e mais no despacho de Dirección hai un xogo de chaves de todas as portas do Centro, polo que, en caso de emerxencia, o Xefe de Emerxencia podería acceder ás chaves de todas as portas do Instituto.

2.2. DIRECTORIO DE MEDIOS EXTERNOS

 Emerxencias: **112**

 Policía Local: **092**
 Urgencias médicas: **061**
 Bombeiros: **080**
 Garda Civil: **062**
 Información toxicolóxica: **91-5620420**

2.3. MEDIOS HUMANOS

2.3.1. COMISIÓN DE AUTOPROTECCIÓN ESCOLAR

No seo do Consello Escolar procederase a crear unha Comisión de Autoprotección Escolar composta por:

- Director do Centro
- Representantes do persoal docente
- Representantes do persoal non docente
- Representantes da ANPA
- Representantes do alumnado

As funcións da Comisión de Autoprotección Escolar serán as de aprobación e implantación do Plan de Autoprotección, programando a realización do Plan de Formación para actuación en caso de emerxencia e realizando os exercicios e simulacros previstos.

A Comisión reunirse:

- Tantas veces como for necesario para a implantación do Plan.
- Despois da realización dos simulacros de emerxencias.
- Sempre que o Consello Escolar estime necesario revisar ou cambiar o Plan de Autoprotección.

2.3.2. PERSOAL DESIGNADO

XEFE DE EMERXENCIA (X.E.)

NOME ¹	CARGO	TELÉFONO
<i>Marga Cachaza Valeiro</i> <i>José Ángel Iglesias Mariño*</i>	Directora Vicedirector	xxxxxxxxxx xxxxxxxxxx
¹ Marcar cun asterisco no caso de ser substituto.		

EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS (E.P.A.)

NOME ¹	CARGO	PLANTA
	Profesor de Educación Física	TODO O CENTRO
	Profesor de garda	TODO O CENTRO
Marta Moro	Orientadora	
¹ Marcar cun asterisco no caso de ser substituto.		

EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN (E.A.E.)

NOME ¹	AREA ASIGNADA
Profesor da aula	CADANSÚA AULA
Os profesores das Aulas nº 16 e 11	VARRIDO DE TODA A 2ª PLANTA
Os profesores das Aulas nº 3 e 8	VARRIDO DE TODA A 1ª PLANTA
Subalerno	VARRIDO DE TODA A PLANTA BAIXA

EQUIPO DE APOIO

NOME ¹	ÁREA ASIGNADA
Subalerno	PUNTO DE EMERXENCIA E CENTRO DE CONTROL

2.3.3. FUNCIONES

FUNCIONES DO XEFE DE EMERXENCIA - "X.E."

A súa función é a de dirixir o sinistro, asumindo a toma de decisións e comunicando as ordes oportunas.

Comprende a máxima responsabilidade sobre as persoas que se atopan dentro do edificio, sobre o edificio mesmo e as persoas e bens que aínda sendo alleas á actividade poidan resultar afectadas. Así mesmo realizará o labor de coordinación cos posibles servizos externos de emerxencia que puidesen intervir (Bombeiros, ambulancias, Policía, Protección Civil, etc.)

Debe estar **sempre localizable** e, no caso de ausencia, asumirá as súas funcións un membro do equipo directivo.

Unha vez declarada a emerxencia acudirá urxentemente ao lugar da mesma, desde onde a dirixirá conforme o establecido en apartados anteriores.

Decidirá a orde de evacuación do Centro, de acordo coa evolución da situación.

En caso de evacuación, dará instrucións persoais. Poderá tamén delegar esa acción nunha persoa designada por el (equipos de apoio-profesor de garda). Á chegada dos Servizos Públicos de Intervención débelle ceder o mando da emerxencia ao responsable dos mesmos. Así mesmo, colaborará con eles en todo aquilo en que lle sexa requirida a súa axuda.

Unha vez extinguido o incendio ou controlada a situación de emerxencia, inspeccionará as instalacións sinistradas, ordenando no seu caso a reiniciación da actividade. Redactará un primeiro informe sobre a emerxencia ocorrida, no que se recollerá:

- Zona incendiada ou sinistrada e alcance dos danos.
- Posibles causas iniciais.
- Actuacións dos equipos de intervención.
- Desenvolvemento do plan de emerxencia, incidencias e fallos observados.

No caso de recibir un **aviso de ameaza de bomba**, valorará a súa fiabilidade. No caso de considerar a posibilidade de ser certa, dará a orde de evacuación así como a comunicación con Servizos Externos. (Ver organigrama operativo).

NOTA: *As instrucións e ordes que emita deben ser claras e concisas, co fin de evitar equívocos que poidan dar lugar a situacións perigosas.*

FUNCIÓN DO EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN E EVACUACIÓN – “E.P.I.”

FUNCIÓN DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN:

A súa función é a prevención de sinistros, así como a intervención inmediata no caso de que se produza un incendio para avalialo e, no seu caso, sofocalo ou reducir as súas consecuencias.

Os membros deste equipo dirixiranse, unha vez detectado o sinistro, ao punto de alarma, avaliarán as súas condicións e comezarán, no caso de ser necesaria, a sofocación ou as medidas de prevención necesarias cos medios manuais de extinción (extintores portátiles ou BIE's). En calquera caso, han de atender as indicacións efectuadas polo Xefe de Emerxencia.

O Equipo de Primeira Intervención e Evacuación deberá comunicarlle ao Xefe de Emerxencia a gravidade da situación de emerxencia para que este decida a acción que se debe seguir.

Os membros do Equipo de Primeira Intervención e Evacuación actuarán sempre por parellas; para iso, un *profesor de garda* ha de incorporarse ao equipo da planta na que se orixinase o lume e/ou dirixirse ao centro de control.

FUNCIÓN DO EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN “E.A.E.”

FUNCIÓN DE EVACUACIÓN:

No caso de evacuación, a misión dos compoñentes deste equipo é asegurar unha evacuación total e ordenada do seu sector e garantir que se deu a alarma. As misións fundamentais que deben realizar son:

- Anunciar a evacuación da súa planta ao oíren o sinal establecido.
- Dirixir o fluxo de alumnos e persoas cara ás vías de evacuación.
- Indicar o punto de reunión.
- Comprobar que non queda ninguén atrás unha vez evacuada a súa área. (Deben revisar especialmente os baños).
- Non permitir o regreso a locais evacuados.
- Comprobar ausencias no punto de reunión unha vez que se realizase a evacuación.

FUNCIÓN DO EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS - "E.P.A."

A súa misión será prestarlles os primeiros auxilios aos lesionados durante unha emerxencia. Ademais, as funcións do Equipo de Primeiros Auxilios son, entre outras, as seguintes:

- Decidir se a gravidade dalgún ferido require o seu traslado.
- Ser o responsable da recepción dos Servizos Públicos Sanitarios.
- Informar das posibles baixas ocasionadas pola emerxencia e da localización dos hospitalizados se os houber.

FUNCIÓNS DO EQUIPO DE APOIO - "E.A."

FUNCIÓNS DE COMUNICACIÓN

A súa misión será garantir que a información referente a calquera situación de emerxencia que se presente sexa recibida no menor tempo posible polos responsables das medidas de emerxencia. Tamén realizará os avisos pertinentes, a requirimento do Xefe de Emerxencia, aos Servizos Externos que fosen necesarios na intervención (Servizos de Urgencia, Policía, Bombeiros, Protección Civil, etc.)

Disporá de medios de comunicación directa e permanente co Xefe de Emerxencia. Así mesmo, terá medios de comunicación para facerlles chegar, en caso necesario e a requirimento do Xefe de Emerxencia, aviso de alarma e evacuación á totalidade das persoas implicadas na emerxencia.

Cando reciba unha alarma, e unha vez transmitida a mesma ás diferentes persoas, poñerase ás ordes do Xefe de Emerxencia.

Será coñecedor das diferentes claves de emerxencia (se se dispón delas) e soamente realizará os avisos trala autorización directa do Xefe de Emerxencia ou persoa que o substitúa na súa ausencia.

No caso de aviso de bomba, encargarse da realización da enquisa (á recepción da chamada) e posterior comunicación ao Xefe de Emerxencia.

DOCUMENTO Nº 3 – PAUTAS DE ACTUACIÓN

3.1. ACTUACIÓN EN CASO DE INCENDIO

A emerxencia detectarase mediante unha persoa que se atopa próxima ao lugar da emerxencia (profesor, alumno, visita, etc.)

Se a detección é por calquera persoa do Centro, avisaráselle ao profesor máis próximo, quen llelo notificará ao Xefe de Emerxencia e ao Equipo de Primeira Intervención e Evacuación da súa zona, ben sexa por vía telefónica ou persoal, informándoo do lugar e os detalles do sinistro.

Mediante os sistemas de comunicación, alertarase o profesor de garda, que se responsabilizará de avisar ao Equipo de Primeira Intervención e Evacuación e mais ao Xefe de Emerxencia.

O Xefe de Emerxencia e o Equipo de Primeira Intervención e Evacuación da zona desprazaranse inmediatamente ao punto de emerxencia e valorarán a mesma decretando se o lume é de pequena magnitude ou de grande magnitude.

Determinarase **lume de pequena magnitude** nos casos en que o conato detectado se considere controlable directamente polo Equipo de Primeira Intervención e Evacuación da zona, mediante o uso de extintores portátiles ou mangueras propias da zona.

Neste caso, o Equipo de Primeira Intervención e Evacuación da zona procederá a loitar cos medios de extinción máis cercanos ao punto de emerxencia. No caso de uso das Bocas de Incendio Equipadas, procederase previamente ao corte de subministro eléctrico da zona, actuando no interruptor xeral do cadro correspondente. Se se consegue a extinción, o Xefe de Emerxencia poñerá fin á situación de emerxencia.

Se, pola contra, non se consegue a extinción, decretarase **lume de grande magnitude**.

No caso de lume de grande magnitude, o Xefe de Emerxencia solicitaralles axuda aos Bombeiros e activará o sinal para que se proceda á evacuación do Centro. Á chegada dos bombeiros, o Xefe de Emerxencia deberá acompañalos ao punto da emerxencia e informará da situación. Os Servizos Públicos de Extinción asumirán a dirección da emerxencia. Unha vez extinguido o incendio decretarase a fin da emerxencia.

A evacuación do Centro ordenarase mediante un toque de sirena continuo de, cando menos, un minuto de duración ou utilizando un sistema de megafonía.


O Equipo de Alarma e Evacuación, profesores e alumnos, asumirán as funcións asignadas e evacuarán polas vías establecidas cara ao punto de reunión (pista deportiva), onde se procederá ao reconto dos alumnos por parte de cada profesor e se lle notificará ao Equipo de Alarma e Evacuación da súa planta calquera incidencia (ausencia de alumnos, accidentados, etc.)

Así mesmo cada Equipo de Alarma e Evacuación procederá ao reconto do persoal (profesores, persoal non docente, etc.) da súa planta informando de calquera incidencia ao Xefe de Emerxencia.

Calquera persoa allea ao Centro (pais, subministradores, obreiros, etc.) que se atope no mesmo deberá ser acompañada ao punto de reunión pola persoa visitada ou responsable da súa actuación no IES.

Se a situación de emerxencia producida non permite a reanudación da actividade escolar, avisaráselles aos pais ou titores dos alumnos para proceder á recollida dos mesmos ou o traslado ao seu domicilio. Débese dispoñer dunha documentación con enderezos e teléfonos dos pais que levará consigo o profesor de garda en caso de evacuación.

Unha vez decretada a fin da emerxencia, realizarase un informe do sinistro para a Comisión de Autoprotección Escolar.



3.2. ACTUACIÓN NO CASO DE AMEAZA DE BOMBA

A ameaza será recibida normalmente por vía telefónica, aínda que tamén podería recibirse a través dunha carta anónima ou outros medios.

Se se recibe por vía telefónica, o receptor da chamada debe recoller a maior cantidade de datos posibles. Se é o profesor de garda o receptor da chamada utilizará o formulario adxunto como guía para a mencionada recollida de datos.

Inmediatamente procederase a avisar e informar ao Xefe de Emerxencia a través das canles de comunicación habituais.

Unha vez informado, o Xefe de Emerxencia procederá a valorar a veracidade da ameaza.

Se o Xefe de Emerxencia estima que a ameaza de bomba carece de fundamento, dará fin á situación de emerxencia, elaborando posteriormente unha nota informativa sobre o incidente.

Se o Xefe de Emerxencia estima que a ameaza de bomba pode ser veraz (como norma xeral deberán tomarse estas ameazas como certas, a non ser que saibamos con seguridade que esa ameaza carece de fundamento), procederá a ordenar o aviso á Policía.

O Xefe de Emerxencia recibirá os Servizos Externos e informará da situación, tomando estes o mando da emerxencia. O Xefe de Emerxencia e o seu persoal poñeranse entón ao seu dispor para colaborar en todo aquilo que lles sexa requirido.

Unha vez controlada a situación, os Servizos Externos determinarán a fin da emerxencia. O Xefe de Emerxencia ha de elaborar un informe e entregar unha copia á Comisión de Autoprotección Escolar.

Se o Xefe de Emerxencia o determinase oportuno ou se ao comunicar cos Servizos Externos (S.E.) estes o requirisen, procederase á evacuación total, mediante o sistema establecido.

O Equipo de Primeira Intervención e Evacuación, profesores e alumnos, asumirán as funcións anteriormente descritas e evacuarán polas vías establecidas cara ao punto de reunión (pista deportiva), onde se procederá ao reconto dos alumnos por parte de cada profesor e se lle notificará ao Equipo de Primeira Intervención e Evacuación calquera incidencia (ausencia de alumnos, accidentados, etc.)

Así mesmo cada Equipo de Primeira Intervención e Evacuación procederá ao reconto do persoal (profesores, etc.) da súa planta informando de calquera incidencia ao Xefe de Emerxencia.

Calquera persoa allea ao Centro (pais, subministradores, obreiros, etc.) que se atope no mesmo deberá ser acompañada ao punto de reunión pola persoa que teña a responsabilidade de atendelo.

Se a situación de emerxencia producida non permite a reanudación da actividade escolar, haberá que avisarlles aos pais ou titores dos alumnos para proceder á recollida dos mesmos ou o traslado ao seu domicilio.

Unha vez decretada a fin da emerxencia realizarase un informe do sinistro para a Comisión de Autoprotección Escolar.



3.3. ACTUACIÓN EN CASO DE ACCIDENTE ESCOLAR

A emerxencia detectarase mediante unha persoa que se atopa próxima ao lugar do accidente e que avisará ao profesor máis cercano.

O profesor valorará a gravidade do accidente e, se é un accidente leve, procederá a realizar os primeiros auxilios (cura) co material do botiquín máis cercano.

Se se trata dun accidente grave, avisará ao Equipo de Primeiros Auxilios e ao Xefe de Emerxencia. O Xefe de Emerxencia ordenará o aviso aos Servizos Sanitarios Externos utilizando o directorio de emerxencias e aos pais do alumno.

O Equipo de Primeiros Auxilios procederá a realizarlle os primeiros auxilios ao alumno a chegada dos Servizos Externos. O Equipo de Primeiros Auxilios acompañará ao alumno accidentado o Centro Sanitario e posteriormente ao seu domicilio ou ao Centro escolar.

3.4. NORMAS XERAIS DE EVACUACIÓN

Dada a orde de evacuación, cada profesor e os seus alumnos (coñecedores previamente das diferentes alternativas de evacuación) dirixiranse inmediatamente e de xeito ordenado á saída de emerxencia establecida e, unha vez no exterior, dirixiranse ao punto de reunión. O profesor procederá ao reconto de alumnos ao seu cargo.

O Equipo de Alarma e Evacuación colaborará na correcta evacuación da zona asignada e procederá á comprobación de que non quede ninguén no interior.

O persoal non docente, ao recibir a orde de evacuación, dirixirase á saída de emerxencia establecida e, unha vez no exterior, dirixirase ao punto de encontro.

O Equipo de Alarma e Evacuación procederá ao reconto do persoal asignado á súa zona (docente e non docente).

En todo caso, para contribuír a unha correcta evacuación, é necesario ter presentes as seguintes indicacións:

- Se existe algún **alumno que teña algún impedimento** que dificulte a evacuación polos seus propios medios, é necesario que o profesor, coa axuda dun alumno designado previamente, axuden na citada acción.
- Se houberse algún ferido ao producirse o sinistro, sería algún membro do Equipo de Primeiros Auxilios o responsable do seu traslado a un lugar seguro.
- As visitas que se atopen nese momento no Centro serán acompañadas ao exterior pola persoa do Centro que atendese a visita.

3.5. COMUNICACIÓNS

Coa finalidade de establecer a comunicación entre os diferentes axentes que interveñen nos procesos de emerxencia, establécense a continuación os sistemas de comunicación necesarios:

3.5.1. AVISO AO XEFE DE EMERXENCIA (X.E.)

Efectuarase sempre que se orixine unha emerxencia mediante comunicación telefónica ou directamente se é factible.

3.5.2. AVISO AO EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN E EVACUACIÓN (E.P.I.) E (E.A.E.)

Será efectuado pola persoa que detecta o incendio (profesor ou persoal non docente) ou, no seu defecto, polo Xefe de Emerxencia a través do teléfono da Sala de Profesores ou ben directamente.

3.5.3. AVISO AOS SERVIZOS EXTERNOS DE INTERVENCIÓN

Será determinado polo Xefe de Emerxencia naqueles casos en que se determine lume de grande magnitude, ameaza de bomba ou accidente grave. A comunicación efectuarase por vía telefónica utilizando o directorio de emerxencias.

3.5.4. AVISO DE EVACUACIÓN DAS INSTALACIÓNS

Será determinado polo Xefe de Emerxencia avisando ao Equipo de Alarma e Evacuación directamente ou por vía telefónica e aos ocupantes do Centro mediante alarma sonora ou megafonía.

3.6. INSTRUCCIÓN E CONSIGNAS

A continuación recóllense as instrucións e consignas particulares para as persoas que puidesen atoparse no interior do edificio no momento de producirse unha emerxencia.

3.6.1. INSTRUCCIÓN AO PROFESORADO

No caso de detectar unha situación de emerxencia (por exemplo, un incendio) debe avisar ao Xefe de Emerxencia e ao Equipo de Primeira Intervención da zona e axudalos no que fose necesario.

No caso de evacuación, o profesor ha de acompañar os seus alumnos e saír o último da aula. Daralles a estes as instrucións necesarias e velará e acompañará a aqueles alumnos que teñan algún tipo de discapacidade (mobilidade reducida, xordeira, dificultades de visión, etc.)

Cada profesor recollerá o rexistro de faltas de asistencia da súa clase para o posterior relato no punto de reunión.

No caso de accidente leve escolar atenderá o seu alumno e, se fose necesario, pediralle axuda ao Equipo de Primeiros Auxilios.

No caso de accidente grave deberá avisarlle ao Equipo de Primeiros Auxilios da súa zona e ao Xefe de Emerxencia e estará ás súas ordes.

3.6.2. INSTRUCCIÓN AOS ALUMNOS

Cada grupo de alumnos actuará sempre de acordo coas indicacións do seu profesor e, en ningún caso, seguirá iniciativas propias.

Os alumnos aos que o seu profesor lles encomendase funcións concretas deben responsabilizarse de cumprilas e de colaborar no mantemento da orde do grupo.

Os alumnos non recollerán os seus obxectos persoais, co fin de evitar obstáculos e demoras.

Os alumnos que ao soar a orde de evacuación se atopen nos aseos ou noutros locais, na mesma planta da súa aula, deberán incorporarse rapidamente ao seu grupo. Se se atopa nunha planta distinta á da súa aula deberá incorporarse ao grupo máis cercano ou ao que se atope en movemento de saída.

Todos os movementos deberán realizarse rapidamente, pero de forma ordenada, sen correr, atropelar ou empurrar os demais.

Ningún alumno poderá deterse xunto ás portas de saída.

En ningún caso o alumno volverá atrás sexa cal sexa o pretexto.

Os delegados de alumnos axudaranlle ao seu profesor e compañeiros na evacuación da súa aula. Colocaranse no corredor, fronte a porta de saída da aula (porta dianteira), indicando a dirección de saída.

Encoméndanselles funcións específicas a dous delegados de curso (en cada planta), aqueles máis próximos ás escaleiras de evacuación. Situaranse ao lado da baixada da escaleira dirixindo o fluxo de evacuación correspondente.

En todo caso, os grupos han de permanecer sempre xuntos, sen disgregarse nin adiantarse entre eles, mesmo cando se atopen nos lugares exteriores de concentración previamente establecidos, co obxecto de facilitarlle ao profesor o control dos alumnos.

3.6.3. INSTRUCCIÓNS AO PERSOAL DAS INSTALACIÓNS

A continuación, en función do tipo de emerxencia, establécense as pautas que se deben seguir por parte do persoal das instalacións:

Se detecta un incendio:

1. *Manteña a calma. Non berre.*
2. *Avisé do incendio inmediatamente.*
3. *Non abra as ventás nin ventile o local.*

No caso de accidente grave:

1. *Manteña a calma. Avise inmediatamente ao Equipo de Primeiros Auxilios da súa zona.*
2. *Tranquilice o accidentado dándolle ánimos e mitigando a súa preocupación.*
3. *Non debe mover o accidentado nin darlle de beber a menos que sexa necesario.*
4. *Acompañe o accidentado, procurando que non se enfríe, e espere a chegada de persoal cualificado.*

No caso de recibir unha ameaza de bomba. En función da canal de recepción, adopte as seguintes instrucións:

Ameaza por escrito: traspasar a comunicación ao Xefe de Emerxencia.

Ameaza telefónica: encher o cuestionario, se se dispón del, e entregarlo ao Xefe de Emerxencia. Se non dispón do cuestionario intente reter a máxima información posible para facilitarlla ao Xefe de Emerxencia.

Se recibe a orde de evacuación (toque de sirena continuo ou aviso por megafonía), atenda as seguintes instrucións:

1. *Desconecte os aparellos ao seu cargo.*
2. *Se se atopa con algunha visita, acompañe en todo momento ata o exterior do edificio.*
3. *Evacue o edificio con rapidez, pero sen correr, pola vía de evacuación máis cercana que dea acceso ao patio do Centro.*
4. *No caso de existencia de fume que dificulte a respiración, móvase gateando.*
5. *Non retroceda nin porte obxectos voluminosos.*
6. *Unha vez fóra do edificio, diríxase ao punto de reunión (pista deportiva)*
7. *Debe identificarse perante o responsable do recinto.*



DOCUMENTO Nº 4 – IMPLANTACIÓN

4.1. RESPONSABILIDADE

A Dirección do Centro Escolar, como titular da actividade, será a entidade responsable de poñer en práctica as medidas de emerxencia segundo os criterios deste Manual, de acordo co establecido no artigo 20 da Lei 31/95 de Prevención de Riscos Laborais.

No seo do Consello Escolar procederá a crear unha Comisión de Autoprotección Escolar que será a responsable da aprobación e implantación do Plan de Autoprotección, programando a realización do Plan de Formación para actuación en caso de emerxencia e realizando os exercicios e simulacros previstos.

Todo o persoal deberá participar para conseguir a implantación satisfactoria das medidas de emerxencia reseñadas.

A empresa ha de responsabilizarse de organizar as relacións cos servizos externos, en particular en materia de primeiros auxilios, asistencia médica de urxencia e salvamento e loita contra incendios, de forma que se garanta a rapidez e eficacia das súas actuacións.

A realización de simulacros nos prazos establecidos na presente implantación será responsabilidade do titular da entidade, así como a organización dos informes derivados deses simulacros.

4.2. PROGRAMA DE IMPLANTACIÓN

Convocarase unha reunión da Comisión de Emerxencias na que se programarán, para a implantación do presente Plan de Emerxencia, as actividades seguintes:

- Estudo detallado do Plan de Autoprotección e aprobación do mesmo.
- Distribución das consignas de prevención e de actuación en caso de emerxencia a todo o persoal.
- Colocación en lugares estrxicos do Centro do directorio de emerxencias así como a relación do persoal designado.
- Formación e adestramento dos compoñentes dos distintos equipos de emerxencia.
- Instrucións a profesores, alumnos e resto do persoal.
- Deseño e realización do simulacro e data do mesmo.
- Reunións informativas co persoal.

4.3. PROGRAMA DE FORMACIÓN E INFORMACIÓN

O programa de formación global subdivídese, en función dos seus obxectivos, nos seguintes grupos:

a) Xefe de Emerxencia

O Xefe de Emerxencia asistirá a un curso de Prevención e análise de riscos de incendio e emerxencias. Este curso, cunha duración de un a dous días, será impartido por un centro de recoñecida solvencia.

b) Equipo de Primeira Intervención e Evacuación

Realizarán un curso teórico-práctico de extinción de incendios e situacións de emerxencia.

c) Equipo de Primeiros Auxilios

Recibirá anualmente formación teórico-práctica para a prestación de primeiros auxilios.

c) Equipo de Apoio

Realizarán un curso teórico-práctico de extinción de incendios, primeiros auxilios e situacións de emerxencia.

d) Persoal docente, non docente e alumnos

Daráselles información aos profesores, persoal non docente e alumnos das características do Plan de Evacuación e as pautas que se deben seguir en caso de emerxencia.

O alumnado recibirá instrucións e formación axeitada por parte dos seus profesores, de forma que saiban comportarse en situacións de emerxencia e se acostumen a fixarse na sinalización e vías de evacuación dos sitios que visiten. Esta formación constará de varias sesións ao longo do curso nas que se profundizará sobre as distintas situacións de emerxencia.

4.4. SIMULACROS

Cunha periodicidade mínima de unha vez ao ano, realizaranse exercicios de simulación dun sinistro, de xeito que se poida poñer en práctica unha parte ou a totalidade dos supostos contemplados no plan de emerxencia. O simulacro debería realizarse o máis próximo posible ao inicio do curso.

Para a realización do primeiro simulacro é aconsellable o aviso previo, aínda que sen comunicar nin o día, nin a hora, nin o tipo de exercicio que se vai realizar. Para posteriores simulacros, e trala valoración do desenvolvemento do primeiro, podería considerarse a posibilidade da súa realización sen previo aviso.

Unha vez finalizado o simulacro, o Xefe de Emerxencia establecerá as pautas necesarias para perfeccionar a actuación prevista.

4.5. MANTEMENTO DE MEDIOS MATERIAIS

O Conserxe realizará as seguintes operacións establecidas na normativa de aplicación, que complementan as que realiza a empresa mantedora.

EQUIPO OU SISTEMA	CADA TRES MESES	CADA SEIS MESES
Extintores de incendio	<ul style="list-style-type: none"> - Comprobación da accesibilidade, bo estado aparente da conservación, seguros, precintos, inscricións, manguera, etc. - Comprobación do estado da carga (peso e presión) do extintor e do botello de gas impulsor (se existe), estado das partes mecánicas (boquilla, válvulas, manguera, etc.) 	
Sistemas automáticos de detección e alarma de incendios	<ul style="list-style-type: none"> - Comprobación do funcionamento das instalacións (por cada fonte do subministro). - Substitución dos pilotos, fusibles, etc. - Mantemento de acumuladores (limpeza de bornas, reposición da auga destilada, etc.). 	
Sistema manual de alarma de incendios.	<ul style="list-style-type: none"> - Comprobación do funcionamento da instalacións (por cada fonte de subministro) - Mantemento de acumuladores (limpeza de bornas, reposición da auga destilada, etc.). 	
Bocas de incendio equipadas (B.I.E.)	<ul style="list-style-type: none"> - Comprobación da boa accesibilidade e sinalización dos equipos. - Comprobación por inspección de todos os compoñentes, procedendo a desenrolar a manguera en toda a súa extensión ou accionamento da boquilla no caso de ser de varias posicións. - Comprobación, por lectura do manómetro, da presión de servizo. - Limpeza do conxunto e engraxado dos peches e bisagras nas portas do armario. 	
Hidrantes	<ul style="list-style-type: none"> - Comprobar a accesibilidade ao seu contorno e a sinalización nos hidrantes soterrados. - Inspección visual comprobando a estanquidade do conxunto. - Quitar as tapas das saídas, engraxar as roscas e comprobar o estado das xuntas dos racores. 	<ul style="list-style-type: none"> - Engraxar a porca de accionamiento, encher a cámara de aceite do mesmo. - Abrir e pechar o hidrante, comprobando o funcionamento correcto da válvula principal e do sistema de drenaxe.

Operacions que deberá realizar o persoal especializado ou intalador do equipo ou sistema

EQUIPO OU SISTEMA	CADA ANO	CADA CINCO ANOS
Sistemas automáticos de detección e alarma de incendios	<ul style="list-style-type: none"> - Verificación integral da instalación. - Limpeza do equipo de centrais e accesorios - Verificación de unións roscadas e soldadas. - Limpeza e regraxe de relés. - Regulación de tensións e intensidades. - Verificación dos equipos de transmisión de alarma. - Proba final da instalación con cada fonte de subministro 	
Sistema manual de alarma de incendios.	<ul style="list-style-type: none"> - Verificación integral da instalación - Limpeza dos seus compoñentes. - Verificación de unións roscadas e soldadas. - Proba final da instalación con cada fonte de subministro 	
Extintores de incendio	<ul style="list-style-type: none"> - Verificación do estado da carga (peso, presión) e no caso de extintores de po con botello de impulsión, estado do axente extintor. - Comprobación da presión de impulsión do axente extintor. - Estado da manguera, boquilla ou lanza, válvulas e partes mecánicas. 	<ul style="list-style-type: none"> - A partir da data de timbrado do extintor (e por tres veces) retimbrarase o extintor de acordo coa ITC-MIE AP.5 do Regulamento de aparellos a presión sobre extintores de incendios (BOE de 23.6.82)
Bocas de incendio equipadas (B.I.E.)	<ul style="list-style-type: none"> - Desmontaxe da manguera e ensaio desta no lugar adecuado. - Comprobación do correcto funcionamento da boquilla nas súas distintas posicións e do sistema de peche. - Comprobación da estanquidade dos racores e manguera e estado das xuntas. - Comprobación da indicación do manómetro con outro de referencia (patrón) acoplado no racor de conexión da manguera. 	<ul style="list-style-type: none"> - A manguera debe ser sometida a unha presión de proba de 15 kg/cm².

4.6. INVESTIGACIÓN DE SINISTROS

No caso de producirse unha emerxencia no Centro:

- Estudaranse as causas que deron lugar ao mesmo, a súa propagación e as consecuencias.
- Analizarase o comportamento das persoas e os equipos de emerxencia e adoptaranse as medidas correctoras necesarias.
- Redactarase un informe que recolla os resultados do estudo.


4.7. ACTUALIZACIÓN DAS MEDIDAS DE EMERXENCIA

As medidas de emerxencia estipuladas terán vixencia de un ano.

Tres meses antes de finalizar a vixencia do mesmo, débese someter a unha revisión por parte da Comisión de Emerxencias, co obxecto de renovar a súa vixencia por outro ano máis ou, no seu defecto, levar adiante as modificacións que se consideren oportunas.


Tamén terán que revisarse as medidas sempre que se presente algunha das circunstancias reflectidas no artigo 16 da Lei 31/95 de Prevención de Riscos Laborais como son:

- Modificación da lexislación vixente.
- Modificación da regulamentación interna da empresa.
- Deficiencias observadas deste Plan a partir da realización de simulacros ou de emerxencias reais.
- Modificacións do persoal ou dos equipos que interveñen na planificación.
- Modificacións estruturais, ampliacións ou reformas do edificio onde se desenvolve a actividade.
- Cambio de dirección ou propietario principal da actividade.




ANEXOS


CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN EN CASO DE INCENDIO



CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN EN CASO DE AMEAZA DE BOMBA



EMERXENCIA ACCIDENTE ESCOLAR



FICHA PARA ENCHER EN CASO DE RECIBIR UNHA AMEAZA TELEFÓNICA DE BOMBA

Permaneza tranquilo.

Intente prolongar o máis posible a conversa e estímore a falar, co fin de recibir o maior número de datos.

PREGUNTAR

- Cando haberá explosión?
- Onde haberá explosión?
- Como é?
- Que tipo de artefacto é?

OUTRAS POSIBLES PREGUNTAS

- Puxo Vde. a bomba?
- Por que a puxo?
- Por que chama?
- Como pode un liberarse da ameaza?

PALABRAS EXACTAS DA AMEAZA

CONTRA QUEN VAI A CHAMADA

DURACIÓN DA CHAMADA

RECEPTOR DA CHAMADA

NOTAS

IMPRESIÓNS SOBRE O INTERLOCUTOR

- Sexo _____
- Idade estimada _____

· CARACTERÍSTICAS DA VOZ:


- | | |
|-------------------|---------------------|
| - Calmosa | - Incoherente |
| - Enfadada | - Seria |
| - Desprezativa | - Sarcástica |
| - De estar bébedo | - Bromista |
| - Autoritaria | - Sorrinte |
| - Medoñenta | - Burlona |
| - Nerviosa | - Chorosa |
| - Confusa | - Nasal |
| - Vacilante | - Tatexante |
| - Monótona | - Cansa |
| - Borborifante | - Con acento, cal? |
| - Balbucinte | - Familiar, a quen? |

· MODO DE FALAR:

- | | |
|-------------------------|------------------|
| - Uso de modismos | - Vulgar |
| - Palabras rexionais | - Educada |
| - Palabras que máis usa | - Rápida |
| - Normal | - Lenta |
| - Boa pronuncia | - Mala pronuncia |

· RUÍDOS DE FONDO.

- | | |
|-------------------------|---------------------|
| - Silencioso | - Ventiladores |
| - De rúa | - Cabina telefónica |
| - Bucinas, claxons, ... | - Chuvia |
| - Música | - Pasos |
| - Normais dunha casa | - Animais |
| - Aire acondicionado | - Vehículos, cales? |
| - Multitudes | - Maquinaria |
| - Construción | - Golpes |
| - Ecos | - Vento |
| - Treboada | - Outros ruídos |



INSTRUCCIONES PARA A REALIZACIÓN
DUN EXERCICIO DE EVACUACIÓN DE EMERXENCIA
NO CENTRO ESCOLAR

1.- CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.1.- O persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia pertencente ao Centro de traballo, entidade ou organismo a quen lle corresponde facer o plan, ten a obriga de participar no plan de autoprotección, e de asumir as funcións que lle sexan asignadas, segundo dispón o artigo 29 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e os artigos 4.1 e 19.2.A da Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, de protección civil.

1.2.- Para maior información, consúltese a Orde de 13 de novembro de 1984, sobre evacuación de Centros Docentes de E.X.B., Bacharelato e F.P. do Ministerio de Educación y Ciencia (B.O.E. nº 276 de 17/11/84).

1.3.- As actuais instrucións están unicamente orientadas á realización dun simulacro de emerxencia con evacuación do edificio que permita:

- a) Familiarizar o colectivo escolar cunha actuación que, de chegar o caso, non o sorprenda totalmente.
- b) Poder usar axeitadamente os medios dispoñibles para diminuír a magnitude dunha situación imprevista.
- c) Detectar as principais insuficiencias no edificio, así como definir as medidas correctivas oportunas a efectos de evacuación e actuación no caso de emerxencia.

1.4.- Considerarase situación de emerxencia aquela que podería estar motivada por un incendio, o anuncio dunha bomba, un escape de gas ou calquera outro tipo de alarma que xustifique a evacuación rápida do edificio.

1.5.- Este tipo de prácticas non pretenden en si mesmas conseguir un resultado positivo, senón máis ben o adestramento e a corrección de hábitos dos alumnos, tendo en conta os condicionantes físicos e ambientais de cada edificio.

2.- CARÁCTER DA EXPERIENCIA

2.1.- A efectos orientativos, só se poden considerar tempos máximos para a evacuación dun edificio escolar os seguintes: dez minutos para a evacuación total do edificio e tres para a evacuación de cada unha das plantas.

En conxunto, estímase que a duración total dunha práctica de evacuación, é dicir, a interrupción das actividades escolares, non debería ser superior a trinta minutos.

2.2.- Se ben a hipótese que se considera para este exercicio práctico de evacuación, non coincide exactamente coas condicións dun caso real de lume, explosión, catástrofe, etc., que serían as que en cada caso determinarían a estratexia de evacuación que se deba adoptar, con esta experiencia o que se pretende son uns resultados que axuden a detectar as principais insuficiencias do

edificio, así como definir as medidas correctivas particulares para cada edificio a efectos de evacuación.

2.3.- O simulacro deberá realizarse na situación de máxima ocupación do edificio, na súa actividade escolar, así como na disposición normal do mobiliario, pero sen que os alumnos fosen previamente avisados do día nin da hora do exercicio. Os profesores, que deberán recibir con anterioridade as instrucións oportunas a efectos de planificación do exercicio práctico, tampouco deberán coñecer nin o día nin a hora; eses extremos serán determinados exclusivamente polo Director do Centro, segundo o seu propio criterio e responsabilidade.

2.4.- Prevese que este exercicio se execute sen contar coa colaboración exterior (Cruz Vermella, Bombeiros, Protección Civil, etc.), xa que se trata dun mero exercicio escolar, sen causa real de emerxencia. Por outra parte, unha evacuación por motivos reais tamén adoita iniciarse sen auxilios externos, contando unicamente cos propios medios.

3.- INSTRUCCIÓNS ORIENTATIVAS

3.1.- O Xefe de Emerxencia asumirá a responsabilidade total do simulacro e coordinará todas as operacións do mesmo.

3.2.- O Equipo de Alarma e Evacuación debe responsabilizarse das accións que se efectúen nesa planta, así como de controlar o tempo de evacuación total da mesma e o número de alumnos desaloxados.

3.3.- Con anterioridade suficiente ao día do simulacro, todos os profesores deben reunirse co Xefe de Emerxencia e cos Equipos de Primeira Intervención e Evacuación, con obxecto de elaborar o plan que se debe seguir, de acordo coas características arquitectónicas de cada edificio, e prever todas as incidencias da operación, planificar os fluxos de saída, determinar os puntos críticos do edificio, as zonas exteriores de concentración de alumnos e as saídas que se vaian empregar.

3.4.- Designarase unha persoa por cada saída e outra situada no exterior do edificio, que controlará o tempo total de evacuación do mesmo.

3.6.- Cada profesor ha de responsabilizarse de controlar os movementos dos alumnos ao seu cargo de acordo coas instrucións recibidas do Xefe de Emerxencia e do Equipo de Alarma e Evacuación de planta.

3.7.- Cada profesor, na súa aula, organizará a estratexia do seu grupo encargándolles a algúns alumnos a realización de funcións concretas como pechar as ventás, contar os alumnos, controlar que non leven obxectos persoais, etc. Con isto preténdese darlles aos alumnos maior participación nestes exercicios.

3.8.- Cando se desen desaloxado todos os alumnos, cada profesor comprobará que as aulas e recintos que teñan asignados queden libres, deixando as portas e ventás pechadas e comprobando que ningún alumno queda nos servizos e locais anexos.

3.9.- O Equipo de Apoio ha de responsabilizarse de desconectar, despois de soar os sinais de alarma, as instalacións do edificio na seguinte orde:

- a) O gas.
- b) A electricidade.
- c) O subministro de gasóleo.

3.10.- Designarase unha persoa encargada de evacuación das persoas minusválidas ou con dificultades motoras, se as houbese.

3.11.- Con antelación ao día do simulacro, a dirección do Centro informará aos pais de alumnos acerca do exercicio que se pretende realizar, con obxecto de evitar alarmas ou efectos de pánico, pero sen precisar nin o día nin a hora en que terá lugar.

3.12.- Igualmente, e con varios días de antelación á realización do simulacro, os alumnos recibirán información dos pormenores e obxectivos deste exercicio, explicándolles as instrucións que han de seguir.

3.13.- Como se indicou anteriormente, é moi importante para o bo resultado deste exercicio, manter en segredo o momento exacto do simulacro, que será determinado polo Director do Centro, e non se lle comunicará en ningún caso ás persoas relacionadas co Centro (profesores, alumnos, persoal auxiliar, pais), co obxecto de que o factor sorpresa permita simular unha emerxencia real.

3.14.- Ao comezo do exercicio emitirase un sinal de alarma (sirena ou megafonía).

3.15.- Para a evacuación ordenada por plantas realizarase o proceso por grupos, saíndo en primeiro lugar as aulas máis cercanas ás saídas de emerxencia, en secuencia ordenada e sen mesturárense os grupos.

3.16.- Non se abrirán as ventás ou portas que en caso hipotético de lume favorecerían as correntes de aire e a conseguinte propagación das chamas.

3.17.- Tendo en conta a tendencia instintiva dos alumnos a dirixírense ás escaleiras que habitualmente utilizan e que poden non ser as convenientes no caso concreto, é aconsellable na planificación deste simulacro prever esta circunstancia, sendo o profesor de cada aula o único responsable de conducir os alumnos na dirección de saída previamente establecida.

3.18.- Por parte do persoal do Centro procurarase non incorrer en comportamentos que poidan denotar precipitación ou nerviosismo, para evitar que esta actitude

puidese transmitírselles aos alumnos, coas consecuencias negativas que isto levaría canda si.

3.19.- Unha vez desaloxado o edificio, os alumnos han de concentrarse na pista deportiva, previamente designada como punto de encontro, sempre baixo o control do profesor responsable, quen comprobará a presenza de todos os alumnos do seu grupo.

3.20- Finalizado o exercicio de evacuación, o equipo de emerxencia inspeccionará todo o Centro, co obxecto de detectar as posibles anomalías ou desperfectos que puidesen ocasionarse.

3.21.- Despois de rematado o simulacro, celebrarase unha reunión de todos os profesores para comentar a avaliación do exercicio e o Director do Centro redactará o informe oportuno.

3.24.- É esencial para o bo resultado deste simulacro a completa coordinación e colaboración de todos os profesores, tanto na planificación do mesmo como na súa realización. O profesor ha de responsabilizarse ao máximo do comportamento dos alumnos que estean ao seu cargo, co obxecto de evitar accidentes de persoas e danos no edificio.

4.- INSTRUCCIÓNS ORIENTATIVAS PARA OS ALUMNOS

4.1.- Cada grupo de alumnos actuará sempre de acordo coas indicacións do seu profesor e en ningún caso seguirá iniciativas propias.

4.2.- Os alumnos aos que o seu profesor lles encomendase funcións concretas han de responsabilizarse de cumprir e de colaborar no mantemento da orde no grupo.

4.3.- Os alumnos non recollerán os seus obxectos persoais, co fin de evitar obstáculos e demoras.

4.4.- Os alumnos que ao soar o sinal de alarma se atopen nos aseos ou noutros locais anexos, na mesma planta da súa aula, deberán incorporarse con toda rapidez ao seu grupo. No caso de que se atope o alumno nunha planta distinta á da súa aula, ha de incorporarse ao grupo máis cercano ou ao que se atope en movemento de saída.

4.5.- Todos os movementos deberán realizarse rápida, pero ordenadamente, sen correr, atropelar nin empurrar os demais.

4.6.- Ningún alumno poderá deterse xunto ás portas de saída.

4.7.- Os alumnos realizarán este exercicio en silencio, con sentido de orde e axuda mutua, para evitar atropelos e lesións, axudando aos que teñan dificultades ou sufran caídas.

4.8.- Os alumnos realizarán esta práctica de evacuación respetando o mobiliario e equipamento escolar.

4.9.- No caso de que nas vías de evacuación exista algún obstáculo que ao longo do exercicio dificulte a saída, será apartado polos alumnos, se fose posible, de maneira que non provoque caídas das persoas ou deterioro do obxecto.

4.10.- En ningún caso o alumno volverá atrás, sexa cal sexa o pretexto.

4.11.- En todo caso, os grupos permanecerán sempre xuntos, sen disgregarse nin adiantar os outros, mesmo cando se atopen nos lugares exteriores de concentración previamente establecidos, co obxecto de facilitarlle ao profesor o control dos alumnos.

5.- INFORME SOBRE O RESULTADO DO SIMULACRO DE EVACUACIÓN DE EMERXENCIA.

CENTRO:

LOCALIDADE:

CONCELLO:

NIVEIS EDUCATIVOS:

NÚMERO TOTAL DE ALUMNOS:

DATA DE REALIZACIÓN DO SIMULACRO:

1. Vías existentes de evacuación: indicar se resultaron suficientes para o desaloxo ordenado do edificio. Identificar as zonas de estrangulamento do fluxo de evacuación nas condicións actuais do edificio. Identificación dos obstáculos nas vías de evacuación.

2. Comprobación do sistema de alarma: se resultou axeitado para proceder con orde e sen sobresaltos. Do alumeado de emerxencia. Puidéronse cortar os subministros de gas, electricidade, gasóleo ou auga?

3. Grao de instrucións dos alumnos e profesores en canto ao uso dos medios de emerxencia e maneira de proceder nestes casos; se foi ben coñecido o plan e en que grao. Comportamento dos alumnos.

4. Tempos reais de evacuación: totais do Centro e por cada unha das plantas do mesmo, co número total de alumnos evacuados.

5. Conclusións pedagóxicas derivadas da experiencia ou ensinanza obtida para futuras prácticas. Balance xeral do simulacro.

6. Dificultades que presentou o desenvolvemento do plan.

7. Suxestións de melloras que se poden introducir no edificio para facilitar as actuacións no caso de emerxencia.

8. Medios que se botaron a faltar.

9. Outras observacións.

